



RAFAEL JOSÉ DEL BARRIO BERBEL, SECRETARIO DO CONCELLO DA LARACHA (A CORUÑA).

CERTIFICO

Que na sesión ordinaria do 28 de maio de 2026 o Pleno adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“4.- APROBACIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2026 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2026). Expte: 2026/T002/000015

O ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas celebrada o día 22 de maio de 2026, é o seguinte:

“APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2026 (MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 13/2026)

Visto que o superávit obtido da liquidación orzamentaria do exercicio 2025, referendado por un remanente de tesouraría para gastos xerais positivo, debe destinarse á redución de débeda atendendo ao disposto no artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Dado que a entidade local debe destinar parte do remanente líquido de tesouraría á amortización anticipada de débeda, e dado que se trata dun gasto inaprazable e urxente que non pode demorarse até o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado no orzamento da entidade resulta insuficiente ou non ampliable, de acordo co disposto no artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004.

Dado que as operacións de crédito actuais son as seguintes:

PRÉSTAMO:	DESCRIPCIÓN	PENDENTE A 31/12/2025	AMORTIZACION ORDINARIA EJERCICIO 2026	AMORTIZACIÓN ADICIONAL CON REMANENTE
2018 / 1 / POS+	PRESTAMO PROVINCIAL 2018	245.389,25 €		
2019 / 1 / POS +	PRESTAMO PROVINCIAL 2019	173.570,47 €		
2020 / 1 / POS+	PRESTAMO PROVINCIAL 2020	188.254,18 €		
2023/1/IGVS	PRESTAMO IGVS RECTORAL MONTEMAIOR	445.505,07 €	89.101,01 €	356.404,06 €
2024/1/BBVA	PRESTAMO INVERSIONS ORZAMENTO 2024	600.000,00 €	37.500,00 €	562.500,00 €
TOTAL		1.652.718,97 €	126.601,01 €	918.904,06 €

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de



orxamentos, que son os seguintes:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.
- A insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

E visto o Informe de Intervención de data 19 de maio de 2026,

PROPONSE AO PLENO DA CORPORACIÓN, a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos nº 13/2026 do orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito nº 01/2026, financiado con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais para dar cabida á devandita amortización, como segue a continuación:

Aplicación orzamentari a	Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
934.911.00	Amortización de préstamos a L/P de entes del sector público	89.500,00 €	356.404,06 €	445.904,06 €
934.913.00	Amortización de préstamos a largo plazo de entes de fuera del sector público	37.500,00 €	562.500,00 €	600.000,00 €
TOTAIS		127.000,00 €	918.904,06 €	1.045.904,06 €

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de tesouraría para gastos xerais resultante da liquidación do exercicio 2025: 870.00

Aplicación orzamentaria	Descrición	Importe
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	918.904,06 €

SEGUNDO.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de facendas locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións. No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Esta é a miña proposta, non obstante o Pleno previo ditame da Comisión Informativa de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas adoptará o acordo que estime máis oportuno.”

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **7 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PP: D. Manuel García Montes, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Xosé Alberto Blanco Veiga, Dna. María Almudena Martínez Pérez D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Cristina Vieites Calvo, Dna. Verónica Pérez Verdía (PP); **2 abstencións** do grupo municipal de BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé María Cotelos Freire; e **1 voto en contra** do grupo municipal do PSOE: D. José Suárez García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate: ...//...

Sen máis intervencións , sométese o asunto a votación, quedando aprobado o ditame por MAIORÍA ABSOLUTA de **12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do grupo Municipal do PP: D. José Manuel López Varela, D. José Ramón Martínez Barbeito, Dna. Patricia María Bello Canedo, Dna. M^a del Rocío López Rey, D. Pablo Cambón Bértoa, D. Xosé Alberto Blanco Veiga, Dna M^a Almudena Martínez Pérez, Dna. Verónica Pérez Verdía, D. Juan Carlos Amado Collazo, Dna. Ana Belén Rodríguez Vilas, D. Manuel García Montes, Dna. Cristina Vieites Calvo; **3 abstencións** do grupo municipal do BNG: Dna. Carolina Castiñeiras Brandón, D. Xosé M^a Cotelos Freire, D. David Antonio Bermúdez Lamas; e **2 votos en contra** do grupo municipal do PSOE: Dna. Inés Ramos López, D. José Suárez García.

O que certifico, na Laracha, a data da sinatura electrónica, co visto e prace do Sr. Alcalde, José Manuel López Varela, a reserva dos termos definitivos en que quede redactada a acta.